



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO, QUE
SE CELEBROU O DÍA 17 DE MARZO DE 2016

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobar, no seu caso, a acta anterior
- 2 Nomear representantes para a redacción do novo Regulamento dos Consellos Parroquiais
- 3 Propostas de actuacións a realizar con cargo aos orzamentos participativos do ano 2016
- 4 Reparto dos orzamentos participativos do ano 2017
- 5 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día 17 de marzo de dous mil dezaseis, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira M.^a CARMEN AMOEDO DASILVA reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

ANA M.^a ALONSO ALONSO, representante do grupo municipal do PP.

M.^a DOLORES PAZOS OTERO, en substitución de ANA ALONSO PAZOS, representante do grupo municipal do PSdeG – PSOE.

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

-DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

-DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ

DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS



DA COMUNIDADE DE AUGAS:

RAFAEL CASTRO CASTRO

DA ASOCIACIÓN DE MULLERES:

INÉS BASTOS ALONSO

INCIDENCIAS: Non asistiron: MARÍA ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante do grupo municipal do BNG; CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ, representante das AAVV; SABINO AMOEDO DACOSTA, representante da Comunidade de Montes; CESÁREO ÁLVAREZ LAGO, representante das Asociacións Deportivas.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes que actúa como secretaria, e que dá fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer ao borrador da acta, ao que o resto do membros contestan que non.

Non habendo ningunha observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba á acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada, con carácter ordinario, o día 8 de outubro de 2016.

2 NOMEAR REPRESENTANTES PARA A REDACCIÓN DO NOVO REGULAMENTO DOS CONSELLOS PARROQUIAIS

A presidenta comeza a súa intervención indicando que na reunión convocada polo Concello para iniciar a redacción dun novo regulamento dos Consellos Parroquiais acordouse que cada Consello Parroquial debía nomear un/ha representante titular e un/ha representante suplente para realizar posteriormente unha quenda de novas xuntanzas, polo que solicita que procedan ao seu



nomeamento, recomendando que as persoas designadas representen, preferiblemente, ás asociacións.

Intervén Amante Romero Álvarez indicando que xa enviaron a súa proposta fai tempo.

Acto seguido, a presidenta solicita que designen nesta reunión ás persoas que actuarán como os seus representantes, polo que, tras realizar o correspondente debate, os membros do consello parroquial acordan designar a Amante Romero Álvarez, representante das Asociacións Culturais como titular e Manuel Fernández Álvarez, representante das Asociacións Deportivas, como suplente.

A continuación, Amante Romero Álvarez indica que o representante da Comunidade de Augas vai ser substituído porque remata o seu nomeamento que tiña unha duración de 2 anos.

A presidenta informa que a Comunidade de Augas debe comunicar ao Concello por escrito o nome do/a novo/a representante para que poida participar neste Consello.

3 PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR CON CARGO AOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DO ANO 2016

A presidenta informa que nos orzamentos xa aprobados recóllese o reparto lineal dos orzamentos participativos de xeito que xa non é necesario que se sometan ao pleno, polo que a cada parroquia lle corresponden 15.000€.

Continúa a súa intervención preguntando aos membros do Consello cales foran as propostas de actuación con cargo a estes orzamentos en anteriores reunións e se teñen xa os orzamentos, ao que os membros do Consello lle responden que non se lembran e que o van consultar aproveitando que ao día seguinte van ter unha reunión na que van decidir definitivamente en que van destinar o diñeiro.

Respecto ao gastos que poidan exceder do orzamentado inicialmente para estas actuacións, M.^a Dolores Pazos Otero indica que os cartos do monte non se poden tocar, como xa ocorreu no pasado.

A presidenta indica que vai ver que acordos se adoptaron en actas anteriores para comprobar que se xa solicitaran orzamentos pero indícanlle que non cren que aparezan.



Toma a palabra Amante Romero Álvarez preguntando a que se destinaron os 13.000 euros do ano pasado que non se deron á parroquia ao que a presidenta lle responde que ao finalizar o ano, pasaron ao remanente polo que xa non se podían usar.

Os membros do Consello comentan que se poderían ter investido na parroquia aínda que con outra finalidade.

M.^a Carmen Amoedo Dasilva recórdalles que este ano os orzamentos participativos se incrementaron ata os 15.000€.

Paulo Medal Fiel intervén indicando que se puido ter posto unha partida orzamentaria que contemplase o diñeiro que non se usou no ano 2015 para os participativos.

Ana M.^a Alonso Alonso informa de que se utilizou o criterio do 1% xa que era o que se establecía antes destinando estes cartos ás cuestións prioritarias da parroquia.

M.^a Dolores Pazos Otero e Amante Romero Álvarez indican que os problemas que existen son os mesmos de sempre pero que se incrementan polos problemas da rede de sumidoiros.

Tamén se indica que non se limparon as árbores, co conseguinte perigo que iso supoñe. Ana M.^a Alonso Alonso responde comentando que ese traballo lle corresponde a Fomento ao que lle contestan que no tramo que lle indican é competencia do Concello.

A presidenta finaliza o debate deste punto da orde do día, solicitando que concreten que actuacións pretenden levar a cabo para poder facer a memoria valorada polo Concello e despois pedir orzamentos.

4 REPARTO DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DO ANO 2017

A presidenta informa que, atendendo a proposta dos grupos políticos, vaíse realizar un debate para tratar como se pode facer o reparto dos orzamentos participativos e ver que necesidades ten cada parroquia.

Intervén M.^a Dolores Pazos Otero manifestando que aínda que se modifique o reparto, o resultado pode non ser bo xa que son poucos cartos e se este diñeiro se destina a moitas cousas, o máis probable é ao final que non se faga nada.



M.^a Carmen Amoedo Dasilva comenta que un novo reparto podería posibilitar a ampliación da toma de decisión das parroquias, xa que hai algunhas que prefiren gastar estes orzamentos en festas e non en obras.

Ana M.^a Alonso Alonso opina que o máis sinxelo sería destinalo para investimentos porque é máis práctico destinalo a unha soa cousa que a varias.

Toma a palabra, Paulo Medal Fiel manifestando que o obxectivo destes orzamentos non é facer o que debería facer o Concello, como son as obras, senon que se debían destinar a outras cuestións.

Tamén indica que se quedara en que o primeiro ano os orzamentos fosen do 1% pero que ao final, tras 3 anos, seguen igual, sen incrementarse.

A presidenta responde manifestando que sempre se pode mellorar pero o que non entende é que se abogue polos participativos e despois, como pasou cos participativos do ano anterior, cando se levaron ao Pleno, os grupos da oposición non os aprobaron, a pesar de que os consellos parroquiais xa acordaran ao que se ían destinar.

Paulo Medal Fiel intervén indicando que se hai orzamentos participativos é grazas a unha moción de AER.

5 VARIOS

A presidenta informa aos membros do Consello que xa está preparada a contratación da obra do muro de Pozas, na Milixosa por un importe de 50.000€.

Amante Romero Álvarez indica que xa que se fai esta obra poderían ampliar un pouco máis e a presidenta contesta que farán o que poidan. Tamén indica que terán que falar coas casas que están arriba porque hai que controlar os residuos que botan.

Intervén M.^a Dolores Pazos Otero solicitando que arranxen a parada de Eido Vello porque está chea de lama e tamén indica que hai 4 luces que fallan pero que non están fundidas.

A continuación indica que subindo ao Centro Cultural hai reixas que están atoadas e que ademais están frouxas.



Na estrada nacional, na zona de Peitieiros, indican que se tapou con terra e que agora está todo ao aire por culpa da auga que caeu e que é auga da estrada.

Amante Romero Álvarez comenta á presidenta de que o Concello realiza obras ou coloca sinais e que non eles non reciben ningunha comunicación.

M.^a Dolores Pazos Otero opina que o Concello non debería deixar que a dous metros da beiravía estivese ningunha árbore, que deberían cortalos ou non permitir que se colocasen a menos desa distancia.

Inés Bastos Alonso informa que no Camiño da Graña onde o Concello botou formigón, o asfalto cuarteou e baixou diante da casa xa que as reixas que colocaron non tragan auga.

A presidenta informa que o Concello vai valorar os danos derivados das riadas en 500.000€ aproximadamente e que a Senda da Auga vaise ir arranxando segundo se vaia podendo.

A continuación, o representante da Asociacións Culturais relaciona as queixas e as peticións que fai a veciñanza para que se lles dean as solucións pertinentes:

1. Terminar o saneamento en toda a Parroquia e comunican que hai 6 casas no Costal ás que teñen que facerllo.
2. Camiño dos Covelos: Informan de que ten o firme en moi mal estado.
3. Camiño da Igrexa: Informan de que a beiravía está desfeita e que a auga filtrase nas casas limítrofes polo que solicitan que se fagan as beiravías.
4. Solicitan que se instale un taboleiro de anuncios no parque de Cabeiro e na marquesiña dos Mangoeiros e indican que os arredores estan en moi mal estado xa que están cheos de barro.
5. Camiño da Coutada Vella: Solicitan que se lle dea solución á saída de augas, xa que hai un cano atascado e non desauga.
6. Informan que un veciño dona terreo para que se arranxe o muro que está fronte o aparcadoiro da casa da Brava, polo que solicita que llo suxeiten.
7. Camiño da Graña: A reixa que se colocou non recolle a auga
8. Solicitan a instalación de sinais de tráfico na Parroquia, tanto as de velocidade como as de animais soltos no monte. Indican que respecto ás multas, se están postas as sinais estas as pagaría o/a condutor/a mentres que se non están, correrían a cargo da comunidade de montes. Preguntan á presidenta se as van poñer e ela solicítalles que concreten onde as queren e cantas precisan, ao que lle responden que mínimo necesitarían 4 sinais (Estrada de San Vicente; Pedra



dos Picos..). Tamén insisten en que se coloquen sinais de vehículos en tránsito xa que hai camións con pinos doutros sitios que pasan por as súas estradas e as estropean.

9. A continuación, recordan que tamén pediron sinais indicativas, como por exemplo, para o colexio, etc. Respecto ao roubo das sinais, debaten a posibilidade de que sería tamén conveniente pintar a sinalización no chan (STOP).

10. Camiño do Lago: Comunican que o tramo de beiravías, ao carón do transformador, é perigoso e que o tubo de paso da auga ten pouco diámetro. Solicitan a colocación de reixas de ferro xa que as beiravías son moi fondas.

11. Camiño do Campiño: Informan que dende o río ata o alto, as beiravías están en moi mal estado. Tamén solicitan que se retire un poste de madeira na estrada que quedou separado ao mover o muro cara atrás. Trasladan a queixa dun veciño deste camiño que vive a 50 metros da Brava que di que o muro estalle cedendo. A presidenta indicará que enviará ao Aparellador do Concello. Tamén informan que nas Rebouzas, onde o Concello estivo limpando, que se desconectou o saneamento.

12. Camiño do Campiño :Tramo de beiravía en mal estado, a 50 metros do transformador con dirección ao cemiterio, hai que trasladar a beiravía ao muro recentemente feito, as augas desbordan polo camiño, os canos de desaugadoiro son de pouco diámetro e os/as veciños/as da parte baixa queixanse das continuas inundacións que sofren dentro das súas propiedades.

13. Solicitan que se instale un espello no cruzamento da saída de Cabeiro con Vilar, ao final do Camiño do Penedo xa que non hai visibilidade.

14. Camiño do Pió: Indican que no tramo dende a casa de Laura ata a de Alfonso, a parte baixa do muro estase derrubando.

15. Camiño do Eido Vello: Solicitan facer estilo de beiravía para desviar as augas

16. Camiño dos Cambeiros: Reclaman que unha vez que se faga o saneamento, se melloren as beiravías, e que se poña un tubo na entrada da casa dos pobres.

17. Camiño do Fixón: Informan da existencia dun muro en mal estado

18. Camiño do Costal; fronte a casa de Xaime, sobre o número 15-20 informan que os desaugadoiros están atoados e a auga vai para o muro e llo está botando abaixo.

19. Camiño das Coviñas: Indican que o firme está en mal estado e indican que antes de arranxalo deberían facer o saneamento xa que non o hai.

20. Comunican que nos Camiños da Milixosa, Quirincosta, Penedo, Igrexa de Cabeiro, Campiño, Cova e Estrada de Negros no tramo dentro de Cabeiro, hai árbores enriba da estrada, incluso algúns apoiados nos cables de tensión. Indican que a policía xa foi velos pero que o problema está en que son de leiras privadas, e que se ocorre algo a culpa sería do dono no suposto de que a árbore estivese seca pero se estivese verde, non.



21. Informan de que hai moitísimas luces que non funcionan por exemplo nos camiños do Campiño, da Igrexa, dos lagos, da Milixosa e na estrada de Negros e indican que casi todas se apagan ao quentarse, se avisa pero non se reparan. A presidenta informa que varios electricistas do Concello estiveron de baixa, ao que Manuel Bastos Bastos responde que sí viñeron e que o problema está nas resistencias.

22. Camiño dos Peitieiros: Informan que as augas do camiño hai que canalizalas ao río, xa que acabarán facendo dano nos muros das fincas que dan o camiño da Milixosa podendo facer caer o pino que esta na estrada de Negros.

23. Indican que a Senda da Auga está en mal estado.

24. Informan que na baixada da Estrada de Negros, por un camiño pequeno na Patoucha colocaron unha pedra no medio unha pedra tumbada e piden que se retire para evitar posibles responsabilidades.

25. Preguntan pola axuda para os gastos da luz de 3.000€ para os centros culturais e a presidenta indica que están no departamento de intervención pero que xa está o trámite feito.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

M.^a DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES